

# PLAN DIGITAL

## CPR PLURILINGÜE SANTIAGO APÓSTOL



[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

1. Introdución.
  - 1.1. Datos básicos do centro.
  - 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.
  - 1.3. Breve xustificación do mesmo.
  - 1.4. Proceso de elaboración.
  
2. Situación de partida.
  - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.
  - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.
  - 2.3. Análise DAFO.
  
3. Plan de Acción.
  - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.
  - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.
  
4. Aviación do PD.
  - 4.1. Seguimento do Plan de Acción.
  - 4.2. Propostas de mellora (revisión).
  
5. Difusión do PD.

## 1. Introducción.

### 1.1. Datos básicos do centro.

CPR Plurilingüe Santiago Apóstol (36007515).

Avda Castelao 45, 36860, Ponteareas, Pontevedra.

[Cpr.santiago.apostol@edu.xunta.gal](mailto:Cpr.santiago.apostol@edu.xunta.gal)

[www.colexiosantiagoapostol.es](http://www.colexiosantiagoapostol.es)

Etapas educativas: Educación Infantil, Primaria e ESO.

Alumnado: 400 alumnas/os .

Profesorado: 34 profesores. Todos son persoal laboral fixo.

Persoal Non Docente: 7 persoas. Todos son persoal laboral fixo.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

- A procedencia do alumnado do Centro é variada aínda que todos eles da bisbarra do Condado. As/os nenas/os pertencen tanto a un medio urbán como a un medio rural disperso, o que impón, neste caso, a necesidade de transporte diario, público ou privado. O acceso a internet no rural é máis deficiente polas zonas de sombra.
- O nivel, socio-económico das familias é medio e bastante heteroxéneo, contando con alumnado pertencente a familias do sector servizos (pequeno comercio, construción, ...) e tamén alumnado procedentes de familias inmigrantes, uns hispanofalantes (colombianos, venezolanos, peruanos, ...) e outros non (portugueses e brasileiros) cun nivel económico, moitos deles, bastante baixo. Resaltar o cada vez máis crecente número de familias procedentes desde a concellaría de Servizos Sociais recomendando o noso centro pola atención prestada ao alumnado con necesidades de atención educativa.
- O ambiente sociocultural nestas familias caracterízase especialmente pola fala bilingüe. (agás os inmigrantes que non teñen coñecementos de galego)
- A miúdo, e de xeito especial no alumnado de ESO, bótase en falta unha maior implicación das familias no labor educativo do Centro, o que revela a necesidade dun traballo específico de concienciación neste senso. Desde a implantación do Modelo EFQM de Calidade no Centro, véñse traballando nesta dirección, acadando unha colaboración total das familias de Educación Infantil e nos primeiros cursos de Ed. Primaria no Proxecto Hábitos e Valores, e unha implicación, cada vez maior, das familias do alumnado dos

demais niveis. Continuaremos a traballar nesta liña para que as familias colaboren e compartan esta tarefa primordial como é a educación, que, pensamos, debe apoiarse nos dous pilares básicos: Familia e Escola.

- A utilización dos elementos tecnolóxicos en si, non ten sentido algún se non vai acompañado dun relevante contido educativo. Tentamos que o Plan Dixital non sexa un proxecto illado senón que constitúa a base para futuros proxectos en constante adaptación á sociedade na que nos tocou traballar. Proxecto que aporta e aportará un novo xeito de traballar acorde coa actual sociedade eminentemente tecnolóxica e coa nova lexislación educativa. A educación non pode quedar ao marxe desta nova situación e o alumnado que formamos para o futuro debe estar preparado para acceder nas mellores condicións ao mundo laboral e a unha posterior formación superior. Este proxecto será a referencia base para todos os novos que se implanten no centro.
- A comunicación entre profesorado e alumnado, para realización de traballos principalmente, faise de xeito sistemático usando os blogs, os sites, Classroom e os correos electrónicos.
- En canto á contribución do PD ao PCC, os medios son necesarios e/ou case imprescindibles, pero non suficientes para que os plans de traballo teñan éxito. Unha das finalidades da Administración Educativa é precisamente ofrecer aos centros os recursos materiais, funcionais e a formación precisa para a incorporación e consolidación das NNTT de maneira integrada no currículo.

Marcamos como obxectivos da integración curricular:

- Impulsar liñas de traballo que orienten ao profesorado na incorporación das TIC no traballo escolar e nas súas diversas posibilidades didácticas.
- Incidir na preparación de materiais para a súa utilización co alumnado e na reflexión sobre os cambios metodolóxicos e organizativos que fagan posible esta integración.
- Facilitar a consecución de aprendizaxes significativos utilizando como recurso as NNTT e que o alumnado acade habilidades e destrezas tecnolóxicas de carácter xeral.
- Potenciar a utilización das NNTT na educación sen ningún tipo de exclusión, promocionando o acceso a aquel alumnado en situación de desvantaxe social, xeográfica ou persoal.
- Facilitar ao alumnado con dificultades de aprendizaxe a utilización de contextos de aprendizaxe coas NNTT nos que atopen medios adaptados ás súas características e ritmo de aprender.
- Achegar ao alumnado as NNTT dende un punto de vista fundamentado e responsable que lles permita enfocalas dende unha perspectiva crítica.
- Son competencias que se centran no proceso e permiten ao alumnado usar as posibilidades das NNTT dun modo funcional que favoreza e reforce o seu propio proceso de aprendizaxe. Trátase de que as NNTT sexan un instrumento para a adquisición da competencia, o uso e a transformación dixital da nosa sociedade.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Normativa a aplicar en relación co Plan Dixital do centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

### 1.4. Proceso de elaboración

Unha vez formado o Equipo TIC (Javier Lago - Yohanna Lemos – Fernando Domínguez – Noémy Amoedo – Barbara Gándara – Gregorio Amoedo), tómase a decisión de elixir a forma de comunicación máis rápida efectiva e sinxela, Optamos de forma unánime por crear un grupo de whatsapp común na que só se tratarían temas relacionados coa elaboración do Plna Dixital e coas ferramentas a usar nas TIC.

Anímase a todo o profesorado a participar no selfie e procúrase que participe tamén o maior número de alumnado.

Unha vez obtidos os resultados de selfie (máis altos do agardado, en xeral), úsanse como base de referencia para a elaboración da DAFO e en base a esta elabórase o Plan Dixital.

Este Plan (de obrigatoria elaboración no actual curso 21-22) será a base fundamental para calquera Proxecto que se leve a cabo no centro.

No claustro de final de curso será presentado e de seguido informado o Consello Escolar.

O equipo TIC será, como non podía ser dotro xeito, o dinamizador do mesmo, ao marcarse obxectivos ambiciosos en canto á participación/formación/implicación/compromiso do profesorado.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O centro conta con 3 liñas de 150MB repartidas en cadanseu pavillón, para evitar saturacións e sobrecargas nas mesmas. A aula de informática está conectada de xeito mixto (cableado e wiffi). As aulas do centro todas teñen acceso a internet a través de wiffi; tan só 8 aulas teñen a posibilidade, para o ordenador do profesor, de conectarse por rede.
- Como centro Abalar, temos 6 aulas ( 5º, 6º de EP, 1º e 2º de ESO) que foron, no seu día equipadas pola Consellería con PDI, Ordenador de Profesor, Carro de carga, ultraportátiles, Proxector ultracurto e puntos de acceso wiffi. (o compromiso de mantemento, reparación, substitución e ampliación de unidades, por incremento de alumnado non se levou a cabo). Estas aulas funcionan sen os netbook abalar, que se facilitarán no seu día, por obsoletos e inservibles. Por mor da experiencia, polo momento, rexeitamos participar en Edixgal. Temos unha aula de informática fixa con 25 equipos dispoñibles cun plan renting renovables aos 4 anos. Dispoñemos de ordenador de aula en todas as aulas. PDI e Proxector en 17 aulas. Proxector con pantalla en 5 aulas máis. 2 Ordenadores fixos na sala de profesores, 2 ordenadores fixos para xestión/administración, un ordenador portatil para uso de Dirección e ordenador fixo con lector de código de barras na biblioteca (agora mesmo desmontada por mor das distancias esixidas coas medidas covid)
- Desde fai dous cursos, e por mor do confinamento, coa idea de ofrecer o mellor servizo ás familias e alumnado, convertémonos en centro Google for Education. Desde ese momento, Classroom converteuse nunha ferramenta imprescindible e o email corporativo no medio de comunicación de referencia para toda a comunidade educativa. Todos os classroom que manexa a comunidade educativa (1 por cada materia e aula, incluído titoría) son accesibles desde a web do centro, no apartado alumnos ([www.colexiosantiagoapostol.es](http://www.colexiosantiagoapostol.es)). A comunicación entre todos os elementos da comunidade educativa prodúcese a través de e-mail. Cada alumna/o, unha vez que accede ao centro, asígnaselle unha conta de correo do xeito [nomeapelido@colexiosantiagoapostol.es](mailto:nomeapelido@colexiosantiagoapostol.es); esta conta é manexada por toda a familia, polo que todos teñen

acceso permanente a toda a comunicación remitida desde o centro. A comunicación en ambas direccións é inmediata e efectiva.

- Para o mantemento do equipamento/infraestrutura do centro temos un contrato cunha empresa externa. Non existe persoal no propio centro, que sexa quen de xestionar os aspectos técnicos fóra dos problemas sinxelos de conexión; o equipo TIC soluciona aspectos técnicos do día a día en canto a instalación básica, configuración elemental e conexión de redes wifi.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Áreas	Grupos	Ensinanzas (sobre 5)	
		Primaria	ESO
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	4	4.2
	Profesorado	4.8	4.3
	Alumnado	-	-
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	4	4.2
	Profesorado	3.6	3.4
	Alumnado	3.7	2.9
<b>C- Infraestructuras e Equipos</b>	Equipo Direct.	4	4.1
	Profesorado	4.7	3.9
	Alumnado	4	3.7
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3.7	3.7
	Profesorado	4.3	4.4
	Alumnado	-	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4.5	4.8
	Profesorado	4.5	4.8
	Alumnado	-	4.2
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	4.6	4.6
	Profesorado	3.8	4.3
	Alumnado	4.1	3.3
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3.8	3.8
	Profesorado	3.5	3.1
	Alumnado	-	3
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3.8	3.9
	Profesorado	4.6	4.4
	Alumnado	4.1	3.6

### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>LABORAL FIXO</b>	<b>27</b>	<b>33</b>	<b>81,8%</b>
<b>SUBSTITUTO</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>50%</b>

### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
91,2	integrador/a (B1)	76,4	integrador/a(B1)

*Puntuación e nivel de competencia por etapas*

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>EI</b>	<b>82</b>	<b>INTEGRADOR/A (B1)</b>	<b>68,2</b>	<b>INTEGRADOR/A (B1)</b>
<b>EP</b>	<b>97,3</b>	<b>EXPERTA/O (B2)</b>	<b>77</b>	<b>INTEGRADOR/A (B1)</b>
<b>ESO</b>	<b>94,8</b>	<b>INTEGRADOR/A (B1)</b>	<b>79,2</b>	<b>INTEGRADOR/A (B1)</b>

*Distribución do profesorado por niveis*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	<b>2</b>	<b>7.1%</b>
<b>A2</b>	<b>4</b>	<b>14.3%</b>
<b>B1</b>	<b>12</b>	<b>42.9%</b>
<b>B2</b>	<b>11</b>	<b>39.3%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>29</b>	<b>103.60%</b>

**2.3. Análise DAFO**

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

	INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	EMPREGO DE ENTORNOS VIRTUAIS. RECURSOS EDUCATIVOS	INFRAESTRUTURAS E DISPOSITIVOS PARA A APRENDIZAXE
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	DISPONIBILIDADE PERSOAL PARA O USO DE NOVAS MODALIDADES DE ENSINO. PEDAGOXÍA. IMPLEMENTACIÓN NA AULA.	COLABORACIÓN. PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN.
	<b>ALUMNADO</b>	RECURSOS EDUCATIVOS EN LIÑA. ACCESO A INTERNET.	RETROALIMENTACIÓN AO ALUMNADO. COMENTARIO A OUTROS ALUMNOS SOBRE O SEU TRABALLO.



<b>FAMILIAS</b>	BOA COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA. ACTITUDE POSITIVA RESPECTO DOS CAMBIOS METODOLÓXICOS.	LIMITACIÓN NOS RECURSOS TECNOLÓXICOS PROPIOS.
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	CENTRO CON ESTRUCTURA CONSOLIDADA E ESTABILIDADE NA PLANTILLA.	DIFICULTADE HORARIA PARA ACCEDER Á AULA COS MELLORES ELEMENTOS TECNOLÓXICOS.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	INTENTO DE MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA DIXITAL.	FALTA DE PERSOAL PARA ATENDER ASPECTOS TÉCNICO/DIXITAIS.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	IMPORTANCIA DA DIXITALIZACIÓN NA LEXISLACIÓN.	COÑECEMENTO ESCASO DOS DEREITOS DE AUTOR E LICENZAS.
	<b>CONTORNA</b>	FAMILIAS INVOLUCRADAS NO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE	LIMITACIÓN NO COÑECEMENTO DO USO DE MEDIOS DIXITAIS
	<b>INFRAESTRUTURA</b>	CONTRATO DE MANTEMENTO CUNHA EMPRESA ESPECIALIZADA EXTERNA	ESCASA DOTACIÓN DE EQUIPOS POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN.

### 3. Plan de Acción.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tras a realización da análise DAFO, establécense as Áreas prioritarias a desenvolver fixando os obxectivos a conseguir. Realízase un planing con todos os apartados detallados para cada un dos obxectivos (indicadores, responsables, temporización, recursos, ...) Xúntase plan de Acción para os obxectivos seleccionados.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para a desenvolvemento do Plan é preciso dispoñer do material axeitado. Cada aula debe contar cun ordenador de profesor actualizado, sería preciso contar con un dispositivo para cada alumna/o e dispoñer dunha conexión wifi con capacidade suficiente para poder traballar en condicións.

## Plan de Acción do Plan Dixital de Centro.

Área/s de mellora: LIDERAZGO						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Crear un número determinado de recursos na Classroom do centro por parte do profesorado				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinadora de Etapa. Equipo directivo.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Nº de actividades por Classroom, incluíndo a súa avaliación, de cada profesor.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	2 tarefas por classroom, por tema traballado.			31 de maio de 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Deseñar e elaborar dúas tarefas por tema.	Profesor titular da materia.	Ao iniciar o tema.	Ordenador de profesor.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Subir a classroom cada tarefa.	Profesor titular da materia.	Ao longo do desenvolvemento da unidade temática.	Ordenador de profesor e Conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Corrixir e avaliar as dúas tarefas por tema traballado.	Profesor titular da materia.	Ao remate do tema.	Ordenador de profesor e Conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Participar en actividades de formación do profesorado en ferramentas dixitais.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Xefatura de Estudos.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Nº de profesores que completan dúas actividades formativas.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% de profesores					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% de profesores que completan actividades formativas.			30 de xuño de 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Seleccionar as accións.	Profesor.	Primeiro Trimestre do curso 22-23.	Ordenador con conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Matricularse nas accións formativas.	Profesor.	Primeiro trimestre do curso. 22-23	Ordenador con Conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Realización das 2 accións formativas.	Profesor.	30 xuño 2023.	Ordenador con Conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS.						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Empregar recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinadora de Etapa. Xefatura de Estudos.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Número de recursos dixitais empregados polo profesorado.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 recursos dixitais empregados.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	1 recurso dixital por unidade didáctica.			Antes do remate de cada unidade.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Deseñar e elaborar unha tarefa por tema.	Profesor titular da materia.	Ao iniciar o tema.	Ordenador de profesor.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Probar a actividade na situación na que se vai desenvolver.	Profesor titular da materia.	Ao longo do desenvolvemento da unidade temática.	Ordenador de profesor e Conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Realizala co alumnado no centro.	Profesor titular da materia.	Antes de rematar o tema.	Ordenador de profesor e Conexión a Internet. Equipos informáticos para cada alumno.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## 4. Avaliación do plan Plan Dixital.

### 4.1. Seguimento do Plan de Acción.

O seguimento do desenvolvemento do Plan terá dúas partes diferenciadas:

1.- Seguimento e evolución do Proceso en si.

Será realizada polo equipo TIC e as coordinadoras de etapa. Terá lugar ao remate da cada un dos trimestres. Realizarase unha análise das accións programadas e dos resultados obtidos en cadansúa acción. Redactaranse as posibles modificacións e as propostas de mellora. Fixaranse os responsables de cada acción e o cronograma asociado á mesma.

2.- Avaliación final do Plan.

O responsable da súa realización será o equipo TIC.

Realizarase no mes de xuño.

Chequearase cada obxectivo proposto.

Elaboraranse as correspondentes propostas de mellora en base ao resultado da valoración dos obxectivos non acadados na súa totalidade.

### 4.2. Propostas de Mellora (revisión).

As propostas de Mellora sairán da análise das diferentes accións marcadas e das súas posibles modificacións, e da valoración dos obxectivos non acadados na súa totalidade.

O equipo TIC, escoitadas as coordinadoras de etapa e a xefatura de estudos, redactará as propostas de Mellora, daralle traslado ao Claustro e comunicaráas ao Consello Escolar.

## 5. Difusión do plan

O Plan Dixital terá unha lapela específica na páxina web do centro.

Será remitido a cada familia, por e-mail corporativo, a data e a posición do mesmo na web.

Comunicarase, polo mesmo medio, cada unha das correspondentes modificacións/actualizacións que teñan lugar.

En Ponteareas, a 12 de xuño de 2022.